DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 32· **Abril 2024**



“Temos os mesmos dereitos, pero non as mesmas oportunidades”

Teima reivindica en Ferrol a necesidade dun cambio de mentalidade social e política

Numerosas accións e actos locais visibilizan en toda Galicia as capacidades do colectivo

Administracións, medios, a educación e Renfe apoian a campaña deste 21M

Down Galicia participa nun **proxecto Erasmus+ sobre educación inclusiva** ➜

Todas as fotos do 21M

Índice

21M / Así foi o acto central do Día Mundial en Ferrol 2

21M / Actos locais por toda a xeografía galega 6

21M / Coñece a campaña deste ano! 13

21M / Apoio de administracións, medios, a educación e Renfe 15

21M / O parasol Down, o produto estrela deste 21M 17

Down Galicia participa nun proxecto educativo europeo 18

Así foi o 10º Campionato de baristas Down 20

"A educación inclusiva non existe actualmente" 22

Libros sobre a síndrome de Down que vale a pena ler 24

Máis vantaxes ao doar coa nova lei de mecenado 25

A mocidade de Down Lugo intercambia ideas sobre autonomía 26

Eleccións en Down Compostela para elixir posto no Padroado 27

Renovación do convenio entre Down Vigo e o Porto da cidade 29

Séguenos, subscríbete e contacta 30

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Entroido en Down Coruña



María José e Carlos, nai e pai de Daniela, membros de Teima

As persoas coa síndrome de Down de Galicia reclaman máis oportunidades no Día Mundial da Síndrome de Down

O Teatro Jofre de Ferrol foi o escenario escollido pola Federación Down Galicia e pola asociación Teima Down Ferrol para conmemorar un novo Día Mundial da Síndrome de Down. Nun acto que mesturou unha parte institucional con distintas experiencias de vida, as persoas coa síndrome de Down foron as verdadeiras protagonistas, poñendo de manifesto, entre outras moitas cousas, que o mundo non é accesible para elas, e reclamando, un ano máis, os seus dereitos.

Foron seis as persoas encargadas de dar lectura ao Manifesto pola Promoción da Autonomía Persoal, dando así voz a todo o colectivo e facendo fincapé en que as persoas coa síndrome de Down, coma calquera outra, queren vivir a vida que elas mesmas elixan.

"Ás veces non se fían de nós por ser diferentes ao resto ou non teñen en conta a nosa opinión", indican. "Non nos gusta que nos traten mal por ter síndrome de Down. Temos os mesmos dereitos, pero non as mesmas oportunidades. Queremos que as persoas que se dedican á política falen sobre isto: Existimos. Hai discapacidade intelectual e síndrome de Down. Que fagan medidas para que poidamos acceder á educación, ao emprego e a ter unha vida mellor. E vixiar que se cumpran", demandaron.

Un acto con reivindicacións en primeira persoa

No acto tamén interviñeron o alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela; a conselleira de Política Social, Fabiola García Martínez; o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso; a presidenta de Teima Down Ferrol, Patricia Serantes Castro; e o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto González.

O inicio correu a cargo da presidenta de Teima Down Ferrol, que aproveitou a súa quenda de palabra para agradecer a presenza de tódalas persoas asistentes. Patricia Serantes deu a benvida ao evento resaltando o percorrido da entidade que preside durante os seus 30 anos de existencia e continuou a súa intervención destacando que aínda a día de hoxe "se dubida das capacidades das persoas coa síndrome de Down e non se lles permite pensar nin dirixir a súa propia vida". Serantes indicou que "as limitacións que a sociedade lle pon ás persoas coa síndrome de Down non están asociadas á súa alteración xenética, xa que en ningún sitio está escrito que nacer cun cromosoma de máis implique unha futura exclusión na escola, no traballo ou no ocio". A presidenta de Teima continuou incidindo en que "non os deixan ser, non os deixan estar, nos os deixan vivir a súa vida... e cando nace un fillo ou unha filla coa síndrome de Down, ninguén te prepara para esa exclusión. Por iso, o Día Mundial da Síndrome de Down non é un día de celebración, senón de reivindicación".

O presidente de Down Galicia, pola súa parte, quixo comezar a súa intervención felicitando a Teima polo seu 30 aniversario e poñendo en valor "o gran traballo e o camiño percorrido".

Continuou o seu discurso poñendo de manifesto a falta de oportunidades laborais do colectivo e destacando que "segundo as estimacións, tan só un 5% das persoas coa síndrome de Down en idade laboral traballa na empresa ordinaria". Prieto incidiu en que, á vista destes datos, "as persoas coa síndrome de Down teñen moi lonxe conseguir un trato xusto e igualitario no ámbito laboral con respecto ao resto da poboación". O presidente da Federación quixo facer fincapé tamén na importancia da educación inclusiva, o paso previo para acadar unha inclusión laboral exitosa. Con respecto a este tema, asegurou que, "tendo en conta o que se quere facer pasar por inclusión e que os datos que ofrecen as administracións de xeito constante non son certos, as entidades Down seguirán demandando, sen descanso, unha educación inclusiva ata que sexa unha realidade".

Ademais das intervencións das autoridades presentes, as persoas asistentes a este acto puideron desfrutar dun coloquio protagonizado por familias pertencentes a Teima Down Ferrol O acto contou tamén con dúas exhibicións do grupo de baile da Asociación San Xiao do Trebo de Cariño.



O Teatro Jofre cheo durante o acto



Os premiados posan xunto aos representantes Down e as autoridades

Entrega dos IX Premios Down Galicia

Down Galicia entregou nesta ocasión os IX Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares.

O premio na categoría institucional foille concedido ao Centro Municipal de Emprego de Ferrol, por contar sempre coas persoas en risco de exclusión ou exclusión, concretamente coas persoas con discapacidade intelectual de Teima Down Ferrol, facendo dos seus programas e formacións para o emprego un punto de encontro inclusivo, xerando oportunidades para tódalas persoas.

Mentres, na categoría de persoa particular, o galardón foille concedido a Xoana Balado, por ser unha profesional de referencia para moitas familias con fillos e fillas coa síndrome de Down da comarca de Ferrolterra, así como unha firme defensora da atención temperá en particular, e da inclusión en xeral, e do importante papel das familias neste ámbito.

O premio consiste nun recoñecemento simbólico e na entrega dunha figura representativa da imaxe Down realizada polo artesán galego Fernando Porto.



ACCEDE ÁS FOTOS DO ACTO CENTRAL DO 21M!

As entidades Down enchen a xeografía galega de reivindicacións

As entidades Down de Galicia tamén realizaron ao longo da semana do 21 de marzo diversos actos locais polo Día Mundial da Síndrome de Down. As persoas usuarias e familias de Pontevedra, Lugo, Vigo, Compostela e Ferrol saíron á rúa a reivindicar os seus dereitos e dar visibilidade.



Desfile inclusivo de Down Vigo

Down Vigo realiza diversas accións pola cidade

Down Vigo conmemorou o Día Mundial da Síndrome de Down con varias iniciativas para dar visibilidade á inclusión real e romper os estereotipos que, aínda a día de hoxe, permanecen na sociedade.

Así, durante a tarde do venres 22 de marzo celebrouse o II Desfile Inclusivo, en colaboración con Decathlon e coa participación do colectivo Discamino. Esta iniciativa solidaria, que busca sensibilizar acerca da diversidade, o deporte e o traballo en equipo, tivo lugar no escenario Vigo Exporta do centro comercial Vialia.

Con esta iniciativa, persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e motoras compartiron pasarela con persoas traballadoras de Decathlon, para amosar, entre todas, que todo tipo de deporte pode ser unha ferramenta de desenvolvemento individual e colectivo.

“Queremos estar na sociedade como una persoa máis, normalizar a nosa presenza en calquera evento”, explican as persoas participantes de Down Vigo. Na pasarela amosáronse coleccións para todo tipo de deportes, dende a caza e a pesca ata o ximnasio ou as artes marciais.

Ademais desta acción de sensibilización, durante toda a semana Down Vigo organizou diversas iniciativas en centros educativos da cidade, como unha charla co alumnado do Colexio Mariano ou unha sesión deportiva conxunta co CPR Santa Cristina.

Xuntos sensibiliza a contorna pontevedresa

Con motivo do Día Mundial da síndrome de Down, Down Pontevedra Xuntos quixo reivindicar a importancia da inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais colocando unha gran pancarta na balconada da Casa da Luz, situada na histórica Praza da Verdura.

Neste evento, Manuel Pérez Cabo, presidente de Xuntos, Paula Villaverde Gondar, coordinadora da entidade; e Pedro García, Celso Luengo, Óscar Viñas e Miguel Pérez, persoas usuarias da asociación, estiveron acompañados polo alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores; a concelleira de Protección cidadá, Eva Vilaverde, o concelleiro de urbanismo Alberto Oubiña, así como outras persoas representantes dos distintos partidos que integran a corporación municipal.

Nacións Unidas aprobou en novembro de 2011 a declaración do 21 de marzo como Día Mundial da síndrome de Down. Establécese esta data, o 21 de marzo [21/03] como un símbolo, en referencia á triplicación [trisomía] do cromosoma 21 que se traduce na condición xenética da síndrome de Down.

O presidente de Xuntos, Manuel Pérez Cabo, destaca que "o Día Mundial da Síndrome de Down é unha xornada para reivindicar" e indica que este ano as entidades Down queren "poñer o foco na falta de oportunidades laborais do colectivo, xa que os datos indican que soamente un 5% das persoas coa síndrome de Down traballa en contornas ordinarias".

Visita institucional da Deputación

Previo á conmemoración deste Día Mundial da Síndrome de Down, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López; o vicepresidente, Rafael Domínguez; e a deputada de Benestar Social, Sandra Bastos, visitaron a sede de Down Pontevedra Xuntos na mañá do mércores 20 de marzo.

Esta é a primeira visita do novo executivo provincial, que quixo coñecer e primeira man as principais inquedanzas e demandas das persoas coa síndrome de Down usuarias de Xuntos, así como as da propia entidade.

Sensibilización na contorna

Ademais destes actos institucionais, Xuntos está a participar tamén en distintas actividades durante estas semanas co obxectivo de sensibilizar á sociedade sobre as capacidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Así, profesionais e persoas usuarias da entidade participaron en distintas xornadas de sensibilización en centros educativos da contorna, onde están a dar visibilidade á importancia de que todos os nenos e nenas compartan espazo nas aulas.

Ademais, tamén se realizaron varias sensibilizacións en distintos clubes deportivos, centros cívicos e asociacións pontevedresas, onde se puxo de manifesto o moito que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poden ofrecer á sociedade da que forman parte.



Despregue da pancarta do 21M no acto de Xuntos en Pontevedra



Obra de teatro de Down Lugo diante do concello

Down Lugo opta polo teatro para reclamar dereitos

Os mozos e mozas da asociación Down Lugo alzaron a súa voz na mañá do 21M para dar lectura ao Manifesto pola Promoción da Autonomía Persoal, co que quixeron reivindicar o seu dereito a vivir a vida que elas mesmas elixan.

"Queremos que se fagan medidas para que poidamos acceder á educación, ao emprego e a ter unha vida mellor", dicía ben alto e ben claro Carlota Mosquera e Carla Pereira, dúas mozas da entidade.

Deste xeito, os mozos e mozas da asociación encargáronse de desbotar mitos e prexuízos sobre a síndrome de Down, e reivindicaron unha vez máis os seus dereitos como cidadáns e cidadás de pleno dereito.

Previamente á lectura do manifesto, as persoas usuarias da entidade realizaron unha performance que tivo como eixo central a obra de teatro 21/3. Esta peza trata de achegar, en primeira persoa, as inquedanzas e vivencias dun grupo de persoas, ás veces descoñecidas por ter simplemente un cromosoma de máis no par 21.

Ademais destas dúas accións, a entidade colocou unha exposición fotográfica na mesma Praza Maior da cidade, que tiña como obxectivo dar visibilidade ás capacidades das persoas coa síndrome de Down, así como poñer de manifesto a falta de oportunidades existentes na contorna laboral ordinaria, así como un photocall para inmortalizar unha xornada chea de reivindicacións en primeira persoa.

Down Ourense fala en primeira persoa na escola

Con motivo do 21M, dúas mozas usuarias da asociación Down Ourense, en representación dos demais membros da entidade, reivindicaron os dereitos do colectivo cunha xornada de sensibilización no colexio Maristas da cidade.

Noventa alumnos e alumnas de 1° da ESO puideron escoitar as historias de vida de Eva Fraga e Corina Álvarez, quen conseguiron que as persoas alí presentes se cuestionasen o que pensaban inicialmente sobre a síndrome de Down.

Por un lado, Eva contou a súa ampla experiencia laboral e o seu paso por diferentes postos de traballo ata que conseguiu un contrato indefinido.

Corina, pola súa banda, rompeu moldes compartindo o seu estilo de vida, centrado na parte creativa e artística, sendo o teatro, a pintura e o baile o seu día a día.

Aportando información sobre esta alteración cromosómica, traballando os mitos e as realidades existentes e a través da dinámica do "Quen é quen?", as dúas mozas trataron de romper estereotipos e prexuízos sobre o que poden e non poden facer as persoas coa síndrome de Down. Porque o verdadeiro límite está na falta de oportunidades.

Ao rematar a dinámica, realizaron un pequeno mural cos mitos e realidades tradicionalmente relacionadas a esta anomalía cromosómica e resolveron as dúbidas que xurdiron ao respecto.



Sensibilización de Down Ourense nunha escola

Down Compostela entrega os seus 11º premios

O Padroado da Fundación Down Compostela acordou por unanimidade recoñecer o traballo que veñen realizando Ofelia Vieites García, El Corte Inglés Santiago de Compostela e o instituto estradense Antón Losada Diéguez concedéndolles os Premios Down Compostela 2024 por facilitar a inclusión laboral e educativa das persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual.

Os galardóns entregáronse o 20 de marzo, na gala que se celebrou no Hostal dos Reis Católicos e na que as persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual volveron ser as protagonistas.

Ofelia Vieites García

Polo compromiso e apoio incondicional que dende o ano 2015 ven realizando para facilitar o desenvolvemento nas instalacións de Viveiros Compostela das prácticas dos cursos de formación que promoven na Fundación. Coa súa calidade e calidez, favorece a inclusión e a participación das persoas usuarias da Área de Formación e Emprego de Down Compostela nos diferentes departamentos da empresa, facilitándolles a posterior incorporación ao mercado laboral.

Ofelia destaca pola súa empatía, tendendo a man sempre en positivo para facer que a estancia en Viveiros Compostela sexa unha experiencia de aprendizaxe útil; con dinamismo e vontade de mellora continuada, sendo todo un exemplo para facilitar oportunidades de crecemento persoal e profesional.

El Corte Inglés de Santiago de Compostela

Pola súa confianza e forte compromiso coa inclusión laboral de persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual, contribuíndo a visibilizar as súas capacidades e habilidades así como normalizar un dereito universal: o dereito ao traballo.

A súa política corporativa de Recursos Humanos levounos a incorporar en 2022 a Paula Fernández, Irene Rodríguez-Toubes e a Jacobo Dopazo e, en 2023, a Angélica Gontán. Paula, Irene e Jacobo presumen hoxe de ter un contrato indefinido. Os catro demostraron que con valentía e perseverancia é posible conseguir e manter un traballo.

IES Antón Losada Diéguez


No IES Antón Losada saben como poñer o foco no contexto educativo e non nas dificultades da persoa, como puideron comprobar Sara Romero, no seu momento, e agora Fabián de Paz, nas aulas de formación profesional.

Este centro da Estrada favorece que o alumnado con necesidades educativas desenvolva as súas capacidades e habilidades ao máximo para conseguir unha calidade de vida digna. O equipo docente sabe que é necesario instaurar novas metodoloxías educativas e cambiar estruturas para fomentar unha inclusión real.

Entender que detrás do alumnado coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual hai soños, ilusións e capacidades é o primeiro paso para que o sistema educativo sexa inclusivo.



Premiados e autoridades no acto de Down Compostela



Fotograma do spot

ESPECIAL 21M

As entidades Down de España lanzan a campaña #ExtraCapacitados

Segundo un informe de European Down Syndrome Association (EDSA), o 95% das persoas coa síndrome de Down non consegue traballo. Por iso, desde Down España e as súas entidades membro das que forma parte Down Galicia, se pon o foco na campaña desde 21M de 2024.

A través desta campaña innovadora, búscase chamar a atención sobre algunhas das barreiras ás que se enfrontan as persoas con síndrome de Down cando buscan emprego.

Un vídeo no que o humor e a ironía son protagonistas, e cuxo mensaxe é que as persoas con síndrome de Down están 'extracapacitadas' para aproveitar as oportunidades laborais.

No anuncio, preséntase o traballo da 'Extraconsultoría', unha consultora ficticia na que traballan persoas coa síndrome de Down asesorando a persoas que non atopan traballo. Como explica Rosa, a CEO desta peculiar empresa, as persoas coa síndrome de Down son expertas no rexeitamento laboral, polo que son os mellores consultores para este asunto.

En ton de humor, os protagonistas do spot reivindican un cambio do panorama laboral ao que tentan acceder as persoas con síndrome de Down, algo que desde as entidades Down se considera posible co compromiso da sociedade, o empresariado e as familias das persoas con discapacidade.

O signo + como símbolo de apoio

Con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down, desde as entidades Down de España lanzaron a campaña #Extracapacitados, co obxectivo de reivindicar máis oportunidades de inclusión laboral para as persoas coa síndrome de Down.

Por iso, un ano máis, animouse a toda a sociedade a sumarse á campaña para que a súa mensaxe se fixese viral e así, as persoas coa síndrome de Down sintan un enorme apoio.

A campaña animou a facer unha foto facendo o signo de 'ok', co que se quere simbolizar que as persoas coa síndrome de Down poden prepararse para moitos tipos de empregos e que teñen a 'extracapacidade' de aproveitar todas as oportunidades laborais que se lles presentan.

Deste xeito, pediuse subir a foto ou vídeo ás redes sociais co hashtag #Extracapacitados. No caso das persoas coa síndrome de Down, pediuse que subisen un vídeo explicando por que está 'extracapacitado' ou 'extracapacitada' para traballar.



Colaborar para transformar: Administracións, medios de comunicación, eido educativo e Renfe axudan na sensibilización do 21M

Os principais monumentos das sete grandes cidades de Galicia conmemoraron o Día Mundial da síndrome de Down.

A Cidade da Cultura, a ponte das correntes en Pontevedra e a ponte romana de Ourense, o Teatro Jofre e a fonte do Cantón de Molíns en Ferrol, as casas do concello de Ferrol, Lugo e Pontevedra e a antiga sede da administración local en Santiago de Compostela, as Fontes da Rúa Aragón en Vigo e os edificios das Deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo estiveron iluminados de azul e amarelo na tarde-noite do 20 e do 21 de marzo.

Implicación dos medios de comunicación galegos

Un ano máis, os principais medios de comunicación do país quixeron implicarse na visibilización das persoas coa síndrome de Down co gallo do 21M.

Televisións, radios e xornais impresos e dixitais deron cobertura aos eventos realizados pola Federación e as súas entidades, ademais de producir reportaxes e diferentes entrevistas.

Ademais, 14 dos principais xornais galegos colaboraron tamén co Departamento de Comunicación de Down Galicia para apoiar as súas campañas. Moitos deles publicaron un anuncio de sensibilización na súa versión impresa, mentres outros, coma Nós Diario, realizaron cobertura sobre as demandas realizadas neste Día Mundial.

Participación de centros educativos e universidades

As tres principais universidades galegas, USC, UVigo e UDC, difundiron o vídeo e a cartelería da campaña da Federación Down Galicia en moitas das pantallas das súas facultades. Ademais, enviaron tamén información por correo electrónico sobre a síndrome de Down ás súas comunidades educativas.

Por outra banda, decenas de centros educativos quixeron participar na campaña #ExtraCapacitados en redes sociais, subindo fotografías co signo 'ok'.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola súa banda, enviou a tódolos centros educativos galegos información facilitada pola Federación, na que se achegaban recursos para traballar nas aulas.

Visibilidade nos trens galegos

Un ano máis, Renfe colaborou coa Federación. A operadora colocou máis de 2.700 tarxetóns nos repousacabezas dos trens que circulan polas vías galegas, ademais de difundir cartelería da conmemoración nas principais estacións, para dar así visibilidade ás persoas coa síndrome de Down".



O Concello de Ferrol iluminado polo 21M

O parasol Down, o produto estrela na semana do 21 de marzo

"No camiño da inclusión, tod@s compartimos viaxe" é o lema co que as entidades Down en Galicia e La Voz de Galicia puxeron á venda este mes un parasol de aluminio para coche con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down de 2024.

A venda deste produto ofreceu a todas aquelas persoas que o desexaron a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down en Galicia.

Deste xeito, toda aquela persoa que estivese interesada en adquirir esta cunca debeu reservala no seu quiosco máis próximo desde o luns 11 ata o xoves 14 de marzo, para poder recollelo entre os días 18 e 24 de marzo por só 4,95€.



Este parasol, con dobre cara de aluminio, ten unhas medidas de 130×65 cm. e conta con dous orificios de aceiro inoxidable en ambas esquinas superiores para a colocación das ventosas de suxeición á lúa do vehículo, aínda que tamén pode ser amarrado coas viseiras do mesmo. Dispón tamén de dúas gomas elásticas incorporadas para poder enrolalo e gardalo.

Ademais, presenta un atractivo deseño que busca implicar a toda a sociedade no obxectivo de incluír ás persoas coa síndrome de Down en tódolos ámbitos da vida. Porque depende de todas e de todos que poidan participar de forma activa, como unha persoa máis, de todas aquelas actividades que conforman o noso día a día: aprender na escola, xogar, saír, traballar… O obxectivo está nas nosas mans. Fagámolo posible!

Como cada ano, esta campaña pretende, principalmente, concienciar á sociedade e permitirlle aportar o seu gran de area para que as persoas coa síndrome de Down conten cos apoios necesarios e coas contornas adecuadas para levar unha vida autónoma, formando parte da súa comunidade de forma visible e activa, e demostrando as súas capacidades.

Esta iniciativa solidaria é posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia, que doa a Down Galicia o beneficio íntegro de cada parasol vendido co seu xornal.

Down Galicia participa nun proxecto europeo para a mellora da inclusión educativa

Cinco profesionais do Movemento Down en Galicia viaxaron en febreiro a Lucca (Italia) para participar na presentación oficial e na primeira reunión presencial do proxecto europeo Arise, unha iniciativa Erasmus+ para fortalecer a inclusión social do alumnado con discapacidade e mellorar as competencias dentro das comunidades educativas en Europa.

Ademais da Federación Down Galicia, participan neste proxecto bianual, cofinanciado pola Comisión Europea, a Fondazione per la Coesione Sociale (Italia), a Associação Grão Vasco (Portugal) e a consultora Limeup (Italia).

No centro do proxecto Arise atópase unha importante iniciativa internacional que promove activamente o intercambio e a interacción entre profesionais que traballan no eido da educación. Este intercambio non só brinda a oportunidade de explorar e aprender de diversas perspectivas e metodoloxías educativas dos distintos países, senón que tamén permite compartir desafíos, solucións innovadoras e boas prácticas.

A través desta sinerxia internacional, búscase crear unha rede de coñecementos e habilidades, ofrecendo un espazo para o diálogo e a aprendizaxe mutua. Este intercambio esténdese máis aló do eido educativo, fomentando a colaboración e as conexións entre distintas realidades educativas europeas.

"Este proxecto representa un importante paso adiante para garantir o acceso equitativo a una educación de calidade para o alumnado con discapacidade", afirma Lucia Corrieri Puliti, presidenta da Federazione per la Coesione Sociale, entidade coordinadora da iniciativa. "Estamos entusiasmados de colaborar con socios que achegan unha ampla e valiosa experiencia, proporcionando unha forza vital para o éxito deste proxecto. Xuntos, estamos a traballar para promover un impacto duradeiro na inclusión social en Europa", engadiu.

O proxecto Arise forma parte do programa Erasmus+ e ofrece unha oportunidade única de crecemento persoal e profesional, contribuíndo ao progreso educativo en Europa.

A realidade educativa de Italia e Portugal

Tanto Italia como Portugal contan desde hai moitos anos cunha realidade educativa moi distinta á que presenta España actualmente, cun sistema realmente inclusivo no que os centros de educación especial (CEE) non teñen cabida.

No caso de Italia, a medida de pechar os centros educativos específicos e reconvertelos a centros de recursos remóntase ao ano 1977, mentres que en Portugal fixeron o propio no ano 1998.

Os seus centros de ensino contan con profesorado preparado para dar apoio a todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que abarcan desde nenos e nenas con algunha dificultade de aprendizaxe a outros con pluridiscapacidade, como pode ser unha parálise cerebral.



Representantes de Down Galicia nunha reunión en Lucca (Italia)

Down Compostela e Down Vigo participan no X Campionato Baristas Down

Dezaseis mozos e mozas da Fundación Down Compostela e da Asociación Down Vigo participaron en febreiro no décimo Campionato Barista Down de Galicia, organizado pola empresa Cafento.

A décima edición desta cita presentou un formato novo con respecto a anos anteriores. Os baristas, repartidos en tres equipos, prepararon distintas elaboracións de café utilizando varios tipos de cafeteiras que, xunto coa súa destreza e habilidade á hora de realizar o exercicio, foron puntuados por un xurado especializado.

Os premios repartíronse da seguinte forma:

- Premio a mellor elaboración para o equipo Etiopía, formado por Carlos Ballesteros, Elena Zas, Berta Coroado, Sofía Fernández, David e Adrián.
- Premio ao mellor café filtrado para o equipo Guatemala, composto por Amanda Castillo, Raquel Suárez, Daniel López, Diego Pérez e Magdalena Rial.
- Premio ao mellor servizo para o equipo Quenia, integrado por Patricia Puente, Javier Prieto, Dani Pombo, Pedro Cores e Daniel López.

O evento, celebrado na Cidade da Cultura, tivo entre os seus invitados ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda; á Conselleira de Política Social, Fabiola García; ao presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto; ao presidente de Down Compostela; Juan Martínez; e ao xerente de Down Vigo, Roberto Campo.

Sobre os Campionatos Baristas Down

Os Campionatos Baristas Down son unha iniciativa pioneira no mundo da empresa cafeteira Cafento, que consiste en levar as competicións entre profesionais expertos na cultura do café de calidade ás persoas coa síndrome de Down.

O primeiro Campionato Barista Down desenvolveuse en Galicia no ano 2012, co obxectivo de visibilizar o traballo das persoas con síndrome de Down e as súas posibilidades de integrarse no mercado laboral como baristas. A partir deste intre, celebráronse ao longo da xeografía española diversos Campionatos Baristas Down, entre os que destacan os de Asturias, Andalucía, Comunidade Valenciana e Murcia.

Grazas a estes certames, máis dun centenar de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de toda España puideron formarse como especialistas no mundo do café. Pero máis aló de pretender contribuír á inserción laboral, e a consecuente autonomía das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, os Campionatos Baristas Down queren ser unha oportunidade para visibilizar a este colectivo como persoas perfectamente capaces.



Foto de familia do X Campionato de Baristas Down

“Aínda que a vendan como tal, a educación inclusiva non existe actualmente”

O 24 de xaneiro celebrouse o Día Internacional da Educación, unha efeméride coa que neste 2024 Nacións Unidas pon o foco no papel crucial que desempeñan a educación e o persoal docente na loita contra o discurso do odio.

Esta xornada pretende, entre outros obxectivos, mobilizar aos Estados Membros e aos asociados para que manteñan a educación no máis alto das súas axendas políticas e cumpran os seus compromisos da axenda Educación 2030.

Aproveitando esta sinalada data, a Federación Down Galicia lanzou unha peza audiovisual para reivindicar novamente a importancia da construción dun modelo educativo inclusivo baseado nos principios de calidade, equidade, flexibilidade e respecto á diversidade, así como do emprego das metodoloxías inclusivas e a prestación de apoios.

O vídeo conta coas declaracións e os puntos de vista dunha nai dunha rapaza coa síndrome de Down escolarizada nunha escola pública ordinaria, un docente, unha orientadora educativa, un técnico dunha entidade Down e o presidente da Federación, que inciden na importancia de contar cos recursos públicos necesarios que aseguren unha inclusión educativa real e esixen implicación, compromiso, claridade e concreción ás administracións á hora de definir o que é a educación inclusiva.

Na peza insístese tamén na necesidade de abordar un cambio na metodoloxía de traballo, utilizando metodoloxías inclusivas nas aulas como o Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe cooperativa ou a programación multinivel, entre outras, que eliminarían as barreiras existentes desde o primeiro momento.

Para conseguir unha verdadeira inclusión educativa é preciso contar con profesorado especialista suficiente, que dará apoio tanto a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo coma ao resto dos seus compañeiros e compañeiras, evitando deixar atrás a ningunha persoa por mor da súa discapacidade; pero tamén que o resto do profesorado se forme e empregue na aula metodoloxías que promovan a inclusión de todo o alumnado.

A vontade do profesorado e o seu inconformismo ante o sistema actual, que conta cuns recursos insuficientes e pouco planificados, non é suficiente para a consecución da inclusión nas aulas dos centros educativos.

En palabras de Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, “queda moito camiño por percorrer”. Prieto indica de forma tallante que “aínda que a vendan como tal, a educación inclusiva non existe actualmente” e convida “a que a administración galega tome nota e cumpra a normativa, favorecendo dunha vez por todas a inclusión nas aulas”. Ademais, ante os datos que difunde anualmente o executivo autonómico neste eido, o presidente de Down Galicia insiste en que “están a chamar inclusión a algo que non o é”.


A INCLUSIÓN EDUCATIVA
E AS ENTIDADES DOWN

Libros sobre a síndrome de Down que paga a pena ler

Se falamos de libros sobre síndrome de Down, existen numerosas obras que poden ser de axuda á hora de convivir con esta condición e derrubar mitos e prexuízos. Desde contos infantís para nenos e nenas ata guías e historias inspiradoras para familias, neste artigo atoparás unha selección de libros actuais que axudan a explicar a síndrome de Down desde novas perspectivas e traballar a empatía e a comprensión.

Libros infantís sobre síndrome de Down

Anastasia la valiente (Manuel Ferrero y José Luis Navarro)

A través das páxinas deste libro, Anastasia, unha nena valente coa síndrome de Down, enfronta desafíos e celebra os seus éxitos.

3 cromosomas (Yani León)

Utiliza un enfoque sinxelo e accesible para explicar a síndrome de Down aos nenos e nenas. A historia segue a un protagonista coa síndrome de Down, explorando de maneira amorosa e educativa a singularidade de cada persoa.

Pepita es especial (Fabiola Arroyo e Irene G. Lenguas)

O libro explora a vida cotiá de Pepita, nena coa síndrome de Down, e destaca os seus talentos e singularidades, fomentando a aceptación e a comprensión nos lectores e lectoras máis novos.

Carlota, Marieta y el cofre de las ideas (Sara Pérez Picarzo)

Un entrañable conto sobre a amizade e a imaxinación na infancia, a través da historia de Carlota e Marieta, dúas amigas que van xuntas a un colexio inclusivo no que nenos e nenas con e sen discapacidade aprenden xuntos.

Xela celebra o seu aniversario (Pepe Carreiro)

Editado pola Federación Down Galicia e protagonizado polos Bolechas, esta lectura en galego (que pode lerse online) pretende concienciar sobre o valor da inclusión a través da festa de aniversario de Xela, nena coa síndrome de Down.

El mejor hermano contra el bullying (Down España)

Este libro en formato cómic mergúllanos na historia dun neno e o seu irmán coa síndrome de Down. Unha lectura amena que, ademais de explicar o que é a síndrome de Down, axúdanos a identificar o bullying e como actuar ante el.

Las preguntas de Delfina (Marisa Aguirre)

Marisa Aguirre, psicóloga e nai dunha rapaza coa síndrome de Down, plasmou neste libro as dúbidas que lle formulaba a súa filla cada noite antes de ir durmir. Unha lectura que fai fincapé nos valores de respecto e empatía.

Ata aquí a nosa selección de libros que deberían ler non soamente os nenos e nenas, senón tamén as súas familias e calquera persoa que queira fortalecer o seu compromiso cun mundo que celebre a diversidade e o entendemento.

Máis vantaxes ao doar a Down Galicia coa nova lei de mecenado

Sabías que desde o pasado 1 de xaneiro de 2024 as túas doazóns teñen máis vantaxes fiscais?

O pasado 19 de decembro aprobouse a Real Decreto-lei 6/2023, que modifica a lexislación sobre mecenado vixente en España ata ese momento, dando así resposta a unha das solicitudes do terceiro sector, xa que favorece as doazóns culturais e sociais.

A RAE define o mecenado como a "protección ou axuda dispensadas a unha actividade cultural, artística ou científica". Trátase dunha colaboración desinteresada por parte da persoa mecenas, que actúa movida polo altruísmo e é froito do seu compromiso social.

De entre as principais modificacións desta lei, destacamos, por unha banda, o incremento nas porcentaxes de dedución. No caso das persoas físicas, a base sobre a que se pode deducir o 80% aumenta de 150€ a 250€ e a cantidade restante contará cun 40% de dedución en lugar do 35% anterior.

En ambos os casos, prémiase o chamado mecenado sostido, no que a dedución aumenta se se realizou unha doazón polo mesmo importe ou por importe superior nos dous anos anteriores. Neste último suposto, a dedución será do 45% para as persoas físicas e do 50% para as persoas xurídicas, mentres que antes era do 40% en ambos os casos.

Doutra banda, a nova lexislación inclúe de forma expresa a cesión de uso de bens mobles e inmobles como doazóns fiscalmente deducibles.

Por último, recoñécese explicitamente ás achegas en especie e á prestación gratuíta de servizos dentro do concepto de convenio de colaboración, podendo os colaboradores difundir e publicitar a súa participación.

PERSOAS FÍSICAS (IRPF)

Ata 250€ doados	Resto de doazón a partir de 250€	
dedución **80%** Se doas 250€, devólvenche 200€	dedución **40%** Do importe a partir dos 250€	**+5%** Se nos 2 anos anteriores doaches a Down Galicia un importe igual ou superior

Dedución en cota íntegra. Límite do 10% da base liquidable

PERSOAS XURÍDICAS (IS)

dedución **40%**	dedución **50%**	Se nos 2 anos anteriores doaches a Down Galicia un importe igual ou superior

Dedución en cota íntegra. Límite do 15% da base impoñible
Excedido o límite, pódese aplicar nos vindeiros 10 exercicios

Máis información en downgalicia.org

Membros de Down Lugo e estudantes universitarios comparten inquedanzas sobre a vida independente

Desde o pasado mes de outubro, varios mozos e mozas pertencentes á asociación Down Lugo e estudantes do campus universitario da capital lucense participan semanalmente en distintos talleres de conversación que teñen como tema central a vida independente.



Unha sesión de intercambio de ideas no campus de Lugo

Esta iniciativa, incluída dentro do proxecto Campus Oportunidades para a Inclusión de Down España, organiza actividades que favorecen a participación social e as relacións interpersoais dentro do ámbito universitario. O seu obxectivo é impulsar accións formativas en contornas inclusivas que permitan ás persoas adultas coa síndrome de Down a posibilidade de adquirir, actualizar ou ampliar as súas competencias para o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

Así, de forma semanal, seis mozos e mozas con discapacidade desprázanse ata a Facultade de Enfermería da USC no Campus de Lugo, onde de forma conxunta con oito estudantes universitarios dos Graos de Enfermería e Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, conversan e traballan sobre diversos aspectos dunha das súas inquedanzas compartidas: a vida independente.

Ata o momento puxeron en común ideas, opinións, preocupacións, sentimentos e decisións sobre o dereito á vida independente, á saúde, ao fogar, ao emprego ou ás relacións persoais, entre outros temas.

Esta experiencia, que rematará o vindeiro mes de febreiro, ofrece ás persoas participantes un lugar no que establecer relacións interpersoais próximas e crear lazos máis aló dos propios talleres, e brinda a oportunidade de demostrar que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poden e deben conquistar novos espazos de inclusión.

As persoas usuarias de Down Compostela elixen a Daniel Pombo para representalas no Padroado da Fundación

O padroado da Fundación Down Compostela vén de incorporar entre os seus cargos a Daniel Pombo García, un mozo coa síndrome de Down de 29 anos, elixido polos seus compañeiros e compañeiras de entidade.

Así, a finais do pasado 2023, as persoas usuarias maiores de idade da área de formación e emprego da Fundación tiveron unha cita cas urnas para elixir á persoa que as representaría, e que, entre outras funcións, encargarase de dar traslado das principais suxestións e queixas das persoas con discapacidade durante os vindeiros catro anos.

Ademais de permitir ás persoas con discapacidade elixir libremente ao seu representante no padroado, a iniciativa tiña como obxectivo familiarizar aos mozos e mozas cun proceso electoral común, xa que as normas establecidas eran moi similares ás que regulan as eleccións municipais, autonómicas, nacionais ou europeas.

Un mes antes da xornada abriuse o prazo para quen estivese interesado puidese presentar a súa candidatura. Ademais de Daniel Pombo, nestes comicios tamén participaron outros seis candidatos: Adrián Cutrín, David Aldrey, Juan Carlos Castiñeiras, Cristina Freire, Irene Toubes e María Esperante.

Durante catro semanas os sete candidatos foron explicando as súas propostas ao resto de compañeiros e compañeiras, facendo unha alegación final 10 días antes da xornada dos comicios. Todos e todas elas coincidiron en reclamar máis oportunidades laborais para as persoas con discapacidade, máis actividades de ocio e máis experiencias de vida independente.

A xornada contou cunha masiva participación: o 94% das persoas adultas con dereito a voto participou nestas eleccións, nas que ademais de poder votar de xeito presencial, era posible facelo por correo. Para poder exercer o voto desta última forma, pensada principalmente para aquelas persoas que durante a xornada estivesen traballando ou non se puidesen achegar ata a sede da Fundación por outros motivos, as persoas interesadas tiveron que solicitar a súa papeleta a algún profesional da entidade, amosar o seu DNI e entregar o sobre co voto pechado.

Finalmente, tralo peche das mesas electorais, procedeuse ao escrutinio, que outorgou 13 votos a Daniel Pombo, 9 a David Aldrey, 8 a Adrián Cutrín, 7 a Irene Toubes, 5 a Cristina Freire, 2 a María Esperante, 2 a Juan Carlos Castiñeiras e 1 voto en branco. Deste xeito, Pombo erixiuse como gañador dos comicios, tomando posesión da súa praza como membro do padroado o pasado 20 de decembro. Neste 2024, o seu compromiso é reunirse aproximadamente unha vez ao mes cos seus compañeiros e compañeiras para recoller as súas propostas e poder así trasladarllas ao órgano de goberno no que participa en representación do colectivo.



Unha das mesas electorais instaladas por Down Compostela en pleno funcionamento

Down Vigo renova o convenio co Porto de Vigo para realizar prácticas formativas

A finais de xaneiro, a asociación Down Vigo e a Autoridade Portuaria da cidade olívica renovaron o convenio de colaboración que ten por obxecto facer posible que as persoas usuarias do servizo de Emprego con Apoio da entidade Down poidan realizar prácticas formativas nas dependencias da Autoridade Portuaria.



Sinatura da renovación do convenio

Desta forma, facilítase a súa formación continua e mellora a súa empregabilidade á hora de acceder a un posto de traballo na empresa ordinaria.

Grazas á sinatura deste documento, Antón Nores está a realizar prácticas como auxiliar administrativo nas instalacións que a Autoridade Portuaria de Vigo ten en O Berbés. Estas prácticas formativas teñen unha duración inicial de seis meses.

Ao acto de sinatura do acordo, que se inclúe dentro dun convenio marco de catro anos de duración, asistiron Carlos Botana, Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo; Beatriz Colunga, Directora da Autoridade Portuaria de Vigo; Dorinda Conde, Responsable de Recursos Humanos; José Manuel García, Presidente de Down Vigo; Roberto Campo, Director Xerente de Down Vigo; Olalla González; preparadora laboral de Down Vigo; e Antón Nores, participante do servizo de emprego da entidade.

Desde Down Vigo quixeron agradecer á Autoridade Portuaria o seu "compromiso", indicando que "durante este tempo foron un exemplo para que empresas públicas e privadas abran as súas portas a persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e confíen na metodoloxía do Emprego con Apoio".

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Consulta a nosa política de privacidade



DOWN Galicia

Vista panorámica do Teatro Jofre no acto do 21M